



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

ORDENANZA MUNICIPAL DE AXUDA A DOMICILIO

Artigo 1.º .-Obxecto.

O obxecto do presente regulamento é a adaptación do Servizo Municipal de Axuda no Fogar ó establecido a este respecto tanto na Lei 4/1993, do 14 de abril, de Servizos Sociais de Galicia, como á Orde do 22 de xullo de 1996, da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, pola que se regula o Servizo de Axuda no Fogar.

Artigo 2.º .-Concepto.

O Servizo de Axuda no Fogar defínese na orde que o regula como unha prestación básica de servizos sociais de atención primaria, de carácter complementario, que non exime á familia das responsabilidades, con planificación, coordinación e control público que ofrece un conxunto de atencións dende unha perspectiva integral e normalizadora dentro do propio domicilio, con carácter preventivo, educativo e rehabilitador.

Artigo 3.º .-Obxectivo.

É obxectivo xeral deste servizo apoiar integramente ás persoas-grupos naquelas situacións nas que se vexa limitada a súa autonomía persoal e nos casos de desintegración familiar, facilitando a permanencia no seu propio contorno de convivencia e evitando no posible a súa institucionalización, e prestándolle atencións que logren un marco convivencial saudable previndo o deterioro persoal ou familiar.

Artigo 4.º .-Prestacións.

As prestacións do Servizo de Axuda no Fogar serán de carácter doméstico, técnico, persoal, psicosocial-educativo e complementarias ás

que se refire o artigo 3 da Orde da Consellería de Sanidade do 22 de xullo de 1996.

Artigo 5.º .-Beneficiarios.

O Servizo de Axuda no Fogar estará dirixido a toda a poboación do Concello de Boqueixón, tendo como obxecto prioritario a atención daqueles cidadáns que polas súas eivas físicas, mentais, socio-económicas ou familiares teñan seriamente limitada a súa autonomía persoal, e en xeral cando exista unha situación de desatención social ou familiar avaliada polo traballador social que xustifique a intervención do servizo. Ás adxudicacións aplicaráselle o límite que necesariamente se desprenda de criterios de disponibilidad presupostaria, tendo prioridade os usuarios con máis limitacións de autonomía ou problemáticas familiares estimadas desde o Servizo Social de Atención Primaria.

Poderán seren potenciais usuarios:

- Persoas maiores con certo nivel de dependencia.
- Persoas con minusvalidez e incapacitadas ás que coa axuda se lles poida favorecer-la súa autonomía.
- Familias ou persoas que presenten disfuncións, así como menores ós que haxa que coidar por circunstancias provisionais ou motivos xustificados.
- Colectivos específicos que presenten situación de exclusión social.

En xeral, tódolos enumerados no artigo 4 da Orde do 22 de xullo.

Artigo 6.-Profesionais, persoal do servizo.

A) Funcións:

Nun primeiro nivel de atención estará o traballador social de atención primaria que desempeñan unha labor de carácter técnico (diagnóstico, seguimento e avaliación), desempeñando entre outras as seguintes funcións:

- Estudos e estimación da demanda, deseño do proxecto de intervención adecuado a ela, seguimento e avaliación.
- A programación xeral do servizo.
- A difusión-información sobre o servizo.
- A formación e reciclaxe do persoal.
- A programación de cada servizo concreto.
- A coordinación dos profesionais e voluntariado.
- A asignación e supervisión de tarefas.
- A estimulación para autoaxuda e participación familiar.
- A formalización de propostas de ampliación, redución ou supervisións do servizo.
- Aquelas expresadas tacitamente polo ente para o que desenvolve o seu labor e as expresadas na regulación vixente.

Nun segundo nivel intervirán as auxiliares de axuda no fogar como profesionais que se encargan da execución, que realizarán tarefas de carácter asistencial, educativo en contacto directo co usuario do servizo, a súa familia e contorno.

Entre estes niveis establécese a posibilidade de intervención doutras profesionais e voluntarios coordinados co traballador social para cada caso, cunha programación específica.

Os voluntarios son persoas que actúan de forma solidaria sen expectativas de remuneración, complementando de forma coordinada as funcións e tarefas encomendadas ó persoal anteriormente citado, desenvolvendo funcións de compañía, fomento de relacións e comunicación, ocupación do tempo libre tanto dentro coma fóra do fogar, e calquera outras que non sexan susceptibles de responsabilidade por parte dos demais profesionais. A tal fin estarán ó disposto na Lei de Servizos Sociais de Galicia ou estatal de voluntariado en canto obxectivos, actuación organizada, formación, etc.

B) Obrigas do persoal e usuarios:

O persoal e usuarios teñen as obrigas que contén o artigo 7 da Orde de 22 de xullo, da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais.

Artigo 7.º .-Acceso ó servizo.

A) Solicitudes:

O Servizo de Axuda no Fogar será prestado polo Concello de Boqueixón, ben de oficio ou a instancia de particular. Calquera veciño poderá poñer en coñecemento dos servizos sociais os supostos de persoas ou familias que coñezan e que ó seu xuízo necesiten o servizo para que, previa avaliación de tódalas circunstancias, o Concello poida prestalo, previa aceptación do posible beneficiario.

A solicitude farase no modelo oficial (instancia dirixida ó alcalde-presidente da corporación local), que para tal fin se facilitará na oficina de servizos sociais do Concello.

B) Documentación:

Ademais da solicitude, o interesado deberá achega-la seguinte documentación:

- DNI e tarxeta de asistencia sanitaria.
- Xustificante de ingresos familiares.
- Certificados/información dos servizos municipais padróns (urbano, rural, actividades económicas, etc.).
- Informes médicos.
- Calquera outro documento que se considere necesario para a avaliación da solicitude e que teña relación cos aspectos valorados na mesma.

C) Procedemento:

Unha vez formalizada a solicitude e presentada a documentación pertinente, procederase polos técnicos responsables (traballador social) á comprobación dos datos e avaliación de solicitudes, elevando o

informe á Alcaldía ou órgano no que delegue para que autorice ou negue a prestación do servizo, ou cesamento do mesmo.

Este procedemento poderá abreviarse cando unha situación reciba a consideración de urxente, requirindo unha resposta inmediata a unha circunstancia excepcional.

A desaparición desta circunstancia levará consigo a extinción do carácter urxente da prestación e pasará ó proceso ordinario.

A concesión do servizo enténdese prorrogado en tanto non se acorde a súa baixa, ben a instancia do usuario ou de oficio.

D) Causas de extinción:

- Renuncia do usuario.
- Ingreso con carácter definitivo en centro residencial.
- Traslado de residencia definitiva a outro concello.
- Falecemento.
- Incumprimento das condicións establecidas no contrato de prestación do servizo ou regulamento interno de funcionamento da mesma.
- Desaparición de causas que motivaron a alta.
- Que o usuario ou familia ocultasen datos económicos ou doutra índole co fin de acceder ó servizo.

Artigo 8.-Criterios para a concesión do servizo.

Os criterios para a concesión do servizo basearanse nun baremo de puntuación que contemple os aspectos:

- Autonomía persoal para a realización de actividades da vida cotiá, puntuando nivel de dependencia ou necesidades derivadas de enfermidade física e mental.
- Situación socio-familiar, establecendo graos en que a familia ou persoas do contorno axuden ou poidan axudar.

- Outras situacións e factores específicos da situación familiar a estimar polo traballador social, así como localización, estado e equipamento da vivenda, os recursos disponibles no contorno e acceso a eles.

- A situación económica terase máis en conta para o aboamento por parte do usuario da totalidade ou parte do servizo, ca para o acceso ó mesmo, salvo que dito acceso fose en prexuízo doutros usuarios con menos medios económicos e a mesma ou similar necesidade de autonomía persoal e factores socio-familiares.

Artigo 9.º .-Financiamento.

O Servizo de Axuda no Fogar financiarase coas achegas da comunidade autónoma, da Deputación Provincial, as propias do Concello (no caso de déficit) e maila contribución dos usuarios, de acordo co establecido no artigo 7 da Lei 4/1993, de Servizos Sociais, e no artigo 12 da Orde do 22 de xullo de 1996, que regula o Servizo de Axuda no Fogar.

Os usuarios colaborarán en función das súas posibilidades. E para determinar esa posible achega tense desenvolvido o seguinte baremo, que ten en conta a renda per cápita da unidade familiar (ingresos ou gastos fixos), a base do baremo será a contía SMI, fixado cada ano polos organismos estatais correspondentes.

- Tarifas:

A tarifa aplicable para o servizo de axuda no fogar é de 7,50 € a hora.

Para a aplicación das tarifas terase en conta tanto os ingresos do usuario como os da/das persoa/s que conviven con este. Á media dos ingresos dos membros da unidade de convivencia descontaráselle o aluguer da vivenda.

Enténdese custo do servizo, o custo da auxiliar de axuda a domicilio, exceptuando as cotas da seguridade social, que correrán a cargo do Concello.

Na aplicación das tarifas contidas no presente apartado terase en conta a media das rendas da unidade de convivencia, para o que se aplicará a seguinte fórmula:

Renda per cápita = (ingresos da unidade de convivencia - Aluguer de vivenda) / nº de membros da unidade

Nas unidades de convivencia nas que as relacións sexan conflictivas en parentesco non directo, non apoiando a convivencia, só se terá en conta a situación económica do solicitante.

Renda per cápita sobre SMI.-Paga.

a) Tarifa número 1:

Unidades de convivencia con unha persoa:

- Máis do 75% ata o 90%. -15%.
- Máis do 90% ata o 100%. -30%.
- Máis do 100% ata o 125%. -50%.
- Máis do 125% ata o 150%. -100%.

b) Tarifa número 2:

Unidades de convivencia con dúas persoas:

- Máis do 60% ata o 75%: 15%.
- Máis do 75% ata o 90%: 25%.
- Máis do 90% ata o 100%: 50%.
- Máis do 100% ata o 125%: 100%

c) Tarifa número 3:

Unidades de convivencia con tres persoas:

- Máis do 55% ata o 65%: 15%.
- Máis do 65% ata o 75%: 25%.
- Máis do 75% ata o 85%: 40%.
- Máis do 85% ata o 95%: 75%.
- Máis do 95% ata o 125%: 100%.

Este baremo será de aplicación para servizos de carácter doméstico. No caso da *TELEASISTENCIA* (programa en convenio coa Xunta, IMSERSO e Deputación Provincial) financiado pola Deputación, ó Concello non lle supón ningún custo, polo que será de carácter gratuito para os usuarios que accedan, ben segundo o baremo aprobado ben polo que acorden os técnicos representantes de cada Concello nas reunións de seguemento do programa.. Poderase aplicar esta tarifa se a Deputación decide que o Concello e os usuarios aporten o estipulado no convenio.

Artigo 10.-Bonificación, exención.

No suposto de que se implanten outros servizos como catering, lavandería etc. sobre a tarifa mencionada. O usuario só aboará un dos servizos e o custo da materia prima.

Artigo 11.-Obrigación de pagamento.

A obrigación de pagamento do usuario nace desde que comece a prestación de Servizo de Axuda no Fogar.

As liquidacións do prezo faranse por meses naturais vencidos, nas datas e lugar que dispoña o Concello.

Artigo 12.-Normativa subsidiaria.

No non previsto nesta ordenanza estarase ó que dispoña a Orde da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais do 22 de xullo de 1996 (DOG do 21 de agosto de 1996).

As tarifas serán incrementadas automaticamente polo importe resultante do SMI.